

## **V** Acordos Visado

relación de acordos plantexados en Xuntas de Goberno durante o 2006 e ratificados en Xunta de Goberno de 26 de febreiro de 2007

- A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, na súa sesión 2/2007 de 26 de febreiro celebrada en Santiago de Compostela, á vista da proposta de acordo sobre a acta de inicio de obra e o visado tras o CTE, adoptou o seguinte ACORDO:

DENEGAR O VISADO DAS ACTAS DE INICIO DE OBRA, NO CASO DE QUE NON EXISTA PREVIAMENTE PROXECTO DE EXECUCIÓN -PARCIAL OU COMPLETO- VISADO.

- A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, na súa sesión 2/2007 de 26 de febreiro celebrada en Santiago de Compostela, á vista da proposta de acordo sobre o visado de proxectos reformados de proxectos visados antes da entrada en vigor do CTE, adoptou o seguinte ACORDO:

TODO PROXECTO REFORMADO SOMETIDO A VISADO COLEXIAL, DEBERÁ XUSTIFICAR NA SÚA MEMORIA, SI FORA O CASO, A NON ADAPTACIÓN AO CTE. NO CASO DE REFORMAS DE PROXECTO QUE IMPLIQUEN VARIACIÓNS DE VOLUME [SEXA ESTE POR RIBA OU DEBAIXO DE RASANTE], USO, ALTURA, CONFIGURACIÓN ARQUITECTÓNICA, NÚMERO DE VIVENDAS OU NÚMERO DE PORTAIS, AO SUPONER UNHA MODIFICACIÓN SUSTANCIAL DO PROXECTADO PRECISARÁN NOVA LICENCIA MUNICIPAL, POLO QUE HABRÁN DE ADAPTARSE AO CTE.

A LIQUIDACIÓN DE APORTACIONES COLEXIALES DESTOS PROXECTOS, REALIZARASE POLA DIFERENCIA PRESUPUESTARIA HABIDA ENTRE OS DOUS TRABALLOS, SEGÚN O MÓDULO DE REFERENCIA VIXENTE EN CADA CASO.

- A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, na súa sesión 2/2007 de 26 de febreiro celebrada en Santiago de Compostela, á vista da proposta de acordo sobre novo procedemento para o cobro de apartacións colexiais sobre os Estudos de Seguridade e Saúde, a aprobación do Plan de Seguridade e a Coordinación en materia de Seguridade, adoptou o seguinte ACORDO:

ESTABLECER QUE OS ESTUDIOS DE SEGURIDADE E SAÚDE, A APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E A COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE, XENERARÁN SEMPRE APORTACIÓNS COLEXIAIS, EXCEPTO NO CASO DE ESTUDIOS BÁSICOS DE SEGURIDADE QUE FORAN REDACTADOS POLO MESMO ARQUITECTO OU SOCIEDADE DE ARQUITECTURA, QUE REALICE O PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS.

- A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, na súa sesión 2/2007 de 26 de febreiro celebrada en Santiago de Compostela, á vista da proposta de acordo sobre o visado e prazo de presentación de proxectos de execución non adaptados ao CTE e aqueles pendentes de ESS, cando é redactado por aparellador ou Arquitecto Técnico, adoptou o seguinte ACORDO:

NOS CASOS EN QUE SE PRESENTEN AO VISADO NO COAG, PROXECTOS DE EXECUCIÓN NON ADAPTADOS AO CTE, ONDE SE PRESUMISE QUE SE SUPEROU O PRAZO DE TRES MESES DE INICIO DE OBRAS DENDE A CONCESIÓN DE LICENCIA, SEGÚN ESTABECE A DISPOSICIÓN TRANSITORIA 4ª DO CTE, DENDE A NOTIFICACIÓN DA LICENCIA MUNICIPAL DE OBRAS OBTIDA CON PROXECTO BÁSICO; ADEMÁIS DE ESIXIR UNHA XUSTIFICACIÓN NA MEMORIA DO PROXECTO, ESTES VISARANSE NA SÚA PORTADA CONTENDO A SEGUINTE DILIXENCIA:

VISADO AOS EFECTOS DA CONSIDERACIÓN MUNICIPAL RESPECTO AO CUMPRIMENTO DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA 4ª DO RD 314/2006, DO CÓDIGO TÉCNICO DA EDIFICACIÓN (CTE).